

REAL ACADEMIA GALEGA

COMPOSTELA E AS NOSAS LETRAS
ATA O MANIFESTO *MÁIS ALÁ*

DISCURSO LIDO
O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 1992,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

E RESPONDA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

CARLOS CASARES MOURIÑO



A CORUÑA
2005

COMPOSTELA E AS NOSAS LETRAS
ATA O MANIFESTO *MÁIS ALÁ*

REAL ACADEMIA GALEGA

COMPOSTELA E AS NOSAS LETRAS
ATA O MANIFESTO *MÁIS ALÁ*

DISCURSO LIDO
O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 1992,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

CARLOS CASARES MOURIÑO



A CORUÑA
2005

DISCURSO
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Señores académicos:

Tan só o egrexio espírito dos “bós e xenerosos” pode xustifica-la presenza aquí, nesta Casa Grande das nosas Letras, de quen, ó longo do seu vivir, máis nada garda no seu cativo fardel de camiñante que un grande amor irrenunciabile pola súa patria nativa e a súa lingua verdadeira, íntimo sentimento trascendido nas súas prosas e nos seus versos. Cativa entrega, sen dúbida, para ofrecervos a vosoutros, alta estirpe da nosa ancestral cultura, que me aprendéchedes a sentir e a coñecer mellor este eido entrañable que é Galicia. Porque de todos e cada un de vosoutros, en efecto, dende os distintos saberes que se conteñen nas vosas obras, recibo cada vez que o requiro unha lección dada con rigor e filantrópica largueza. Por esa tan valiosa como impagable razón e tamén, certamente que si, por esta inmerecida acollida cordial de invitarme a traballar con vosco, quero asegurarvos que a miña gratitude e a miña vida permanecerán xa unidas mentres me sexa concedido o alento.

Eran tempos de xuventude cando aquelas Festas Minervais celebradas de volta pola Universidade de Compostela; tempos de ilusión e de esperanza, de fé no porvir, aínda en tan ermas e sombrías circunstancias. Habitabamos entre as ruínas arrasadas da liberdade e nos pantanos do medo. As ensinanzas da nosa historia, a carga educacional do pasado, o esforzo calado dos nosos creadores e estudiosos, o exemplo moral dos nosos mártires, ben pouco ou nada lle dician á mocidade porque non traspasaban os altos muros da posguerra.

A tradición estaba coutada e, con ela, unha das maneiras máis naturais da aprendizaxe evolutiva dende as raiceiras éticas do pobo, da concatenación cultural que establece as bases xenuínas nas que debe asenta-lo noso progreso intelectual de probada vocación universalista dende *Nós*. Tronzárase o fío transmisor, o cordón cultural vivificador, o vencillo coas xeracións devanceiras necesario para mante-la conciencia da propia identidade, o sentir da nosa comunidade plenamente diferenciada, a vivencia solidaria da patria. De non poder vencer aquela lousa de silencio e olvido, a nosa morte histórica sería unha evidencia tan dolorosa coma incuestionable.

Neste contexto a figura de Ramón Piñeiro cobrou unha importancia primordial porque a súa fina personalidade ricaz, altruísta e analítica soubo plegarse ás necesidades históricas do seu país, renunciando á tentación egoísta de escribir unha obra estensa na

que lucise o seu pensamento filosófico. A grande obra monumental de Ramón Piñeiro sería a súa decisiva contribución á reconstrucción de Galicia sobre o loito e a ignorancia. A obra de toda unha vida, pois que toda a súa vida -confluencia de emoción popular e de disciplina intelectual- foi unha entrega permanente a súa terra.

Ramón Piñeiro López naceu no lugar da Armea, do concello lugués de Láncara, o 31 de maio de 1915 no seo dunha familia campesiña. O seu pai, Salvador Piñeiro, de mozo rexentara un modesto negocio propio en Madrid e alí fora tamén secretario dun clube liberal antes de regresar para a aldea e casar; bo lector de prensa e ben informado, aprendéralle a ler e a escribir antes de ir á escola, na que percibiría o duro choque dos alumnos cunha ríxida ensiñanza en castelán.

Cursou, dende os nove anos, o bacharelato elemental en Lugo, ó que seguiu un período de traballo na facenda paterna, atendendo labores do campo e, máis ó seu gusto, do pastoreo, porque aproveitaba para a lectura e relectura dos poucos libros de que dispuña e para ceiba-lo pensar, a imaxinación e o sentir relixioso. Vai, logo, de empleado a un establecemento de Sarria, onde ó través da prensa, *El Pueblo Gallego* e *El Sol* maiormente, dá en ir coñecendo as figuras e os feitos máis importantes da época. Mediante a información do xornal galego e un mitin celebrado na vila, cando as primeiras eleccións despois de proclamada a República, no que lle chamou a atención a intervención de Peña Novo, entra en coñecemento do idiario galeguista que comeza a despertar vivamente o seu interese e, xa que logo, no pasar do tempo, había se-lo seu guieiro firme ó longo da súa existencia.

De volta en Lugo para remata-lo bacharelato superior, asiste emocionado a un mitin galeguista no que interveñen Paz Andrade, Suárez Picallo e Castelao. Axiña, con outros compañeiros entre os que contaba o seu bon amigo Marino Dónega, constitúen a Mocidade Galeguista de Lugo, das que foi elixido secretario de cultura, e traba forte amizade con Fole, Gaioso e Pimentel. Coñece a Otero Pedrayo, que valora moi positivamente a clara intelixencia e o asinado coñecemento que de Galicia ten aquel alumno do instituto.

As circunstancias íanse desenrolar, favorablemente, cara a participación directa do xove Ramón Piñeiro nos acontecementos políticos e unha estreita relación cos persoeiros do Partido Galeguista e con destacadas figuras da cultura galega como Ramón Cabanillas. Así en 1933 sería designado para asistir a Asemblea que o Partido Galeguista celebrou en Compostela, na que foi nomeado secretario de actas. A

actividade de cantos se integraban naquela primeira nosa organización política autonomista era febril e cada quen multiplicaba os seus esforzos.

No ano seguinte Ramón Piñeiro participa, na mesma cidade, no famoso Mitin das Arengas, sendo nomeado a seguido secretario do Comité Provincial do Estatuto. No mes de xuño, camiño de Viveiro para un mitin, falou por última vez con Alexandre Bóveda. Un mes antes, Castelao mostrálle un fondo pesimismo pola situación política que se percibía en Madrid. En xullo prodúcese o alzamento militar contra a legalidade republicana e estala a guerra civil. O Estatuto de autonomía quedaría plebiscitado e pendente do seu inmediato refrendo nas Cortes.

A fins do ano 1939, instaurada xa a dictadura, Ramón Piñeiro iniciou en Compostela os cursos comúns de Filosofía e Letras. Aquí reiníciáanse cautelosas e parciais xuntanzas entre os supervivientes das Mocidades. Estudando Filosofía pura en Madrid no ano 1942, onde radicaba un grupo galeguista, asume o encargo da Alianza Nacional de Forzas Democráticas para coordina-las relacións con galegos, cataláns e vascos. De regreso dunha viaxe clandestina a París nas primeiras semás de 1946, é detido en Madrid cando a preparación dunha xuntanza informativa cos representantes das forzas democráticas. É condenado e permanece no cárcere ata fins de 1949, data na que decide fixar definitivamente a súa residencia en Compostela. Casa con Isabel López García, logo dun noivado de dez anos, unha muller excepcional á que coñeceu en Lugo no ano 1941.

O día 25 de xullo de 1950 fúndase a Editorial Galaxia, para darlle cobertura legal a unha nova organización do galeguismo. Ramón Piñeiro foi nomeado director literario. En 1951 nacen os cadernos da *Colección Grial* como un precedente da revista trimestral *Grial*, de longa vida, dirixida por Ramón Piñeiro e por Fernández del Riego. A partir destes anos acentúase o seu labor de “galeguización” da mocidade e continua coa actividade política.

En 1951 traducíu con Celestino Fernández de la Vega o *Cancioneiro da poesía céltica* de Pokorny, publicando entrambos, cinco anos máis tarde, a tradución galega dunha conferencia de Martin Heidegger co título *Da esencia da verdade*.

Nos anos 1950, 52 e 53 Ramón Piñeiro vai dando sucesivamente á publicación tres ensaios fundamentais na interpretación filosófica da saudade rebasando o plano antropolóxico e adentrándose -por vez primeira no pensamento galego- na súa concepción metafísica dende a filosofía da existencia e achegándose o coñecemento íntimo, subxectivo, polo sentimento. Son: *Siñificado metafísico da saudade*, *A saudade*

en *Rosalía* e o que encerra de maneira máis profunda o seu discurso filosófico sobre a saudade, e aínda sobre a esencia da liberdade, contido en *Pra unha filosofía da saudade*.

Dende 1966 ata 1970 Ramón Piñeiro dictou cursos de verán invitado pola universidade estadounidense de Middelbury. Tamén en 1966 asistiu ó VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-brasileiros nas Universidades de Harvard e Columbia.

O 25 de novembro de 1967 e para ocupa-lo sillón de Banet Fontenla, Ramón Piñeiro ingresa na Real Academia Galega.

En 1977, asistiu como invitado de honor ó "XV Congreso Internacional de Filología Románica", en Rio de Janeiro.

En 1980, participou no Coloquio sobre "Tradición, actualidade e futuro do galego" celebrado en Tréveris.

En 1983, tamén especialmente invitado asistiu ó Congreso internacional de Lisboa sobre "A situación da lingua portuguesa no mundo".

Restaurada a democracia, á morte do general Franco, Ramón Piñeiro participou activamente nas xestións para mante-la equiparación do noso estatuto co vasco e catalán que o goberno de Madrid eludía. Créase, daquela, Realidade Galega, como grupo de estudos integrado por máis dun centenar de intelectuais e profesionais que, fundamentalmente, apoiaban o estatuto e revisaban a problemática máis urxente coa que se afrontaba o país.

Logo de sometelo a unha valoración no seo do grupo galeguista, Ramón Piñeiro decide aceptar ir, xunto con outros tres galeguistas, como independente nas listas do PSOE e obtén, en 1981, escano de deputado na primeira lexislatura: importante, ó seu xuicio, por canto no seu transcurso se habían tratar cuestións de grande interese nas que o galeguismo debía estar presente.

En 1983, sería elixido, entre os membros compoñentes, Presidente do Consello da Cultura Galega, e, en 1990, xa moi enfermo, é nomeado Doctor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela.

O exemplo da súa entrega sacrificada á defensa de Galicia e da súa lingua, a súa bondade e as súas ensinanzas, farán que por sempre se encontre presente entre nós.

COMPOSTELA E AS NOSAS LETRAS
ATA O MANIFESTO *MÁIS ALÁ*

Para o home galego a existencia é algo máis que un mero vivir, é un sentirse e un senti-la vida, un percibirse no propio sentimento íntimo da vida. Por iso cabería dicir que a verdadeira patria espiritual do ser galego está nese seu íntimo sentir, na súa saudade, no sentimento da súa singularidade e da súa íntima soidade existencial, daí o seu individualismo -un sentirse cara adentro- e daí a vivencia da terra, do “eido” -un sentirse cara fóra- coma unha parte esencial humanizada diso que podemos describir conceptualmente como a súa intimidade circundante, a percepción sentimental da realidade en torno e a súa incorporación ó íntimo.

Ramón Piñeiro nos ensaios filosóficos definiu a saudade como “o sentimento da soidade ontolóxica do home”, é dicir, un puro sentir da propia singularidade apreendido no máis remoto das raigañas do ser. “Cando predomina esta vivencia da soidade sobre a da transcendencia na procura do Ser, como ocorre na Saudade, o pulo de transcendencia está matizado polo sentimento e tende a ‘animación’, a ‘humanización’ do mundo”. “Isto leva á concepción poética do mundo, da vida e do home, leva á interpretación lírica do Ser”. O home convértese así, dende esa vivencia poética da vida, en demiurgo de mundos e historias nunca contadas, en desvelador de prodixios, en relator de fantasías e de soños ilusoriamente ‘realizados’. Desá poetización do mundo e do vivir, dese testemuño escrito dende o íntimo no que imaxinación, vivencias e experiencias conflúen, xurde a literatura, ese grande río misterioso da palabra creadora que brota das orixes da nosa fala, feita milagre de expresión e de ritmo xa dende a nosa lírica medieval, un río que ven do noso sentir máis fondo a levarnos en caudalosa crecida cara ás descoñecidas ribeiras do mañá...

Porque foi naquel romper alboral da Alta Idade Media cando deu en xurdir unha nova maneira de expresármonos, cando se produciu o triple milagre irrepitible do nacemento da nosa lingua, do amencer excelso da nosa literatura e da construción piadosa da cidade santa no fisterra que lles deu abeiro. E aquela urbe, ecuménica e paisana, que iría expandindo o circo das súas murallas ata desaparecelas coma ondas concéntricas no estanque do tempo, xa máis nunca se desligaría daquel feitizo no que foi sumida cando o aborbollan da máis fermosa das falas e as máis logradas e humanas cantigas. Plenamente humanas en espírito e corpo, porque se serviron para entoar ferventes loores virxinais, valeron igualmente para os cantos de amor máis tenros, as composicións eróticas máis pícaras e os máis asañados maldícires. Ergueita pedra sobre

pedra entre albas e solpores e saudades, a cidade santa e galloufeira, xa máis nunca renunciaría a darlles discreto amparo e universalidade baixo o enigma do seu nome aínda a penas pronunciado.

Compostela por aqueles remotos días dos cancioneros abríase na Historia, de paseniño, coma unha fantástica camelia pedriza no corazón da patria, para se ir transformando co decorrer dos séculos en cruxol egrexio e singular onde fundirían, en máxica alquimia, os elementos esenciais da nosa nacente literatura, que xa con tal forza creativa se incorporaba entón á grande corrente da lírica europea do medievo.

Nas orixes medievais

No inicio da auxe das peregrinaxes reais estranxeiras e consecuentemente coa visita de Guillerme V O Grande, duque da Aquitania, a aquela Compostela do s. XI, que comezaba a agromar ó sul do lugar santo, na "villa burguensis", e polo nacente cara ó camiño franco no caserío que lindaba co espacio da praza do campo a extramuros, foi establecéndose unha fecunda relación co poderoso e culto ducado do Midi francés. A súa relación cos reis navarros e leoneses e a súa devoción ó santo apóstol, levárono a fomenta-la propagación da orde de Cluny ó longo do camiño xacobeo, mellorado e protexido polos monarcas, para valemento dos peregrinos, afirmando e dando permanencia á relación entre os reinos ó través da rota penitencial. Tamén son de suliña-los vencellos coa Borgoña nados dos matrimonios das infantas Urraca e Tereixa, das que derivaría a separación de Portugal de Galicia, á morte do seu pai Alfonso VI "Imperator totius Hispaniae", que mandara encadear de por vida -como se fora un símbolo do noso destino- ó noso rei don García.

Compostela, a das sete portas, era, cando rexía Xelmirez, un fervedoiro de remodelación de creación arquitectónica case continuo, un foco de intenso dinamismo das forzas sociais integradas polo clero, os señores e os burgueses que lidaban nas tensións do poder dende a seguridade dun crecente desenrolo económico, xerado en relación co apoxeo do peregrinar, co que se adiantou en máis dun século ó proceso de desenvolvemento urbano na sociedade galega que marca a aparición das cidades e do comercio.

É certo que aínda dentro de parámetros exclusivamente literarios -ben lonxe da ousadía de entrar na análise científica de períodos tan brillantemente estudados polos

nosos historiadores -cabe observar que nin antes nin despois a cidade estaría allea a intentos de invasión, loitas dinásticas, disputas pola sede vacante, revoltas ou persecucións, máis, con todo, a fortuna era propicia naqueles días longos e creadores altomedievais.

Tras dos vitrais da imaxinación é posible contemplar como arredor da Catedral e de Antealtares van erguéndose mosteiros e templos, un claustro de labradas arcadas alzándose de par da reformada e ampliada abadía benedictina, como medran rúas e se abren prazas onde rebulen veciños e peregrinos, ricos burgueses e cambiadores, mercaderes e artesáns, cabaleiros, estudantes leigos, damas, mozas e pousadeiras, cabalos, carros e animais nun multicolor ambiente cosmopolita. E case se senten os cánticos e as músicas a engarzárense nas románicas e simbólicas pedras, cantos litúrxicos e cantares profanos nun baixo latín romanceado interpretado por xogres. Na escola catedralicia impartíanse estudos de Gramática e nas monacais estudiábase o “trivium” e o “quadrivium”, mais paralelamente a esta cultura eclesial andaba a producirse xa unha cultura laica na que se formaban as xentes de letras da nobleza e da burguesía compostelana.

Nos tempos de Guillermo IX de Aquitania, o máis antigo dos troveiros e o primeiro poeta europeo que escribiu nunha lingua vulgar -facendo gala, nas súas cancións e divertidos sirventes, tanto dun refinado ideal de amor cortés como do gusto tabernario e xograresco-, foran estendéndose polo Lemousin, o Poitou, a Gascuña, a Auvernia, a Provenza e todo o Languedoc, os cantores dese vasto sincretismo poético e ideolóxico comprendido na cortesía ou Fin’ Amor, e a nova maneira de trovar acadaba o meirande esplendor poético e a meirande difusión nas nacións europeas circundantes.

Cómpre pensar, pois, que a vía ó sepulcro do santo Xacobe de Galicia foi a que favoreceu, primordialmente, a grande eclosión lírica dos séculos seguintes, mediante a afluencia de troveiros que coas súas composicións occitanas acompañaban, na vinda e no retorno por aqueles reinos, a significados cabaleiros e damas deses países, sen descarta-la presenza demorada na cidade de poetas e a afección polo gusto provenzal que emanaba, como cabe supoñer, do pazo de Reimundo de Borgoña conde de Galicia. Así, se crearía unha lírica de novo trazo na confluencia do modo occitano e un xeito poético preexistente, pois seguindo a Vicente Risco no 1952 e a opinión de Carlos Alvar e Vicente Beltrán en 1985, hai que supoñer un lirismo indíxena pretrovadoresco no que xa o paralelismo e a técnica do leixa-pren, que aparecen nas cantigas de amigo, se viñan utilizando.

Neste senso explícase o por que -deixando a unha banda a dubidosa cantiga de Santo o Vello situada na Guarda-, os máis antigos troveiros galegos xurden en Compostela ou na súa área de influencia, ben por alí seres nados, ben por alí andaren de brincadeira ou por alí teren segura ocupación. É o caso -sen ánimo de exhaustividade- de Palla, de Bernald de Bonaval, Airas Nunes, Xohan Airas, Afonso Eans do Cotón e o ricaz Pero da Ponte- o seu moi probable veciño pontemaceirán, que chegaría no seu vagar ata ás lonxás cortes do Lemousin- ou Nuno Fernandes Torneol, Pai da Cana, Roi Fernandes, Ayras Corpancho, entre os que se teñen coñecido e sen entrar a establece-las estreitas relacións que tantos outros tiveron con Compostela e entre si, tal que o propio Rei Sabio na súa infancia, Men Rodriguez de Tenorio ou o xograr Pero Lourenço Eanes, organista que foi na basílica románica compostelana.

Iría creándose, daquela, en Compostela un centro de cultivo e de irradiación lírica, de maior ou menor afinidade coa poesía provenzal, que se estende cara ás novas terras lusitanas enraizada na tradición galega con recursos e formas de expresión autóctonas (de aire máis popular nas cantigas de amigo e máis cortesanas e afíns ás provenzais nas cantigas de amor), e que por non terse establecido unha Corte real duradeira en Galicia, cantores e cantares, hanse espallar por castelos de nobleza a encontrárense e convivir con troveiros doutras terras nas cortes leonesa, castelá ou portuguesa, como escribiu o burgués compostelano Xohan Airas:

“Andei, señor, León e Castela
despois que me eu desta terra quitei.”

ou tamén,

“por camiño de Lampai
pasar Miño e Doiro e Gaia”

Na Corte de Castela, o rei Alfonso X, de par de numerosos músicos, dos troveiros e xograres máis sonados galegos, portugueses, tolosanos, tiña invitado ós poetas provenzais -de clara influencia no seu gusto literario e na súa obra- Bonifaci Calvo, At de Mons e Guiraut de Riquier, quen, segundo René Velli, tomou a *canson redonda* da poesía galega, poñéndose de manifesto esa influencia recíproca que tanto podía producirse nos salóns cortesanos, como nos campamentos dispostos para as batallas.

A tradición de oc foi asimilada pola nosa sensibilidade espiritual e aquí daría louzans froitos líricos tamén en romance, con ser algúns dos seus cultivadores clérigos e sendo o latín lingua oficial naquela Compostela, dándolle carta de natureza espléndida a

este xénero que reaxiría co romanticismo para singularizarse na nosa literatura. Non tanto así a tradición de oíl que, de non ser quizais nas cantigas de escarnio, semella ter ficado lonxe no Camiño xacobeo, sen lograr traspasa-las altas montañas patrias, aflorando nos cantares de xesta e na poesía épiconarrativa activadora da prosa castelá.

Tal esplendor literario daría en se ir apagando, gradualmente, nos séculos vindeiros xuntamente coa marxinación histórica desta terra e o imperio dunha outra lingua de poder que veu coutar un normal desenvolvemento da vida literaria tamén na cidade de Compostela.

No longo silencio

A propia evolución dos tempos, os avatares sociopolíticos, as guerras, a progresiva intervención da igrexa na vida cidadá coa imposición dunha moralidade a cada pouco máis estricta, deu lugar a ir variando modas e gustos. O carácter libertino e galloufeiro que caracterizaba moitos comportamentos festeiros populares, a liberalidade dos costumes imperantes nas clases sociais en xeral, o cambio cara á predilección por unha narrativa épica, levaron á desaparición da figura dos xogares, músicos, segreis e soldadeiras, e así tamén ós troveiros e as súas trovas cantadas nos días de celebracións polas rúas e prazas de Compostela. Tan só quedarían a remanecer na memoria e no corazón do pobo, que as seguiría cantando e recreando á marxe do acaecer histórico coa frescura e a ledicia de tempos pasados máis felices, nese tránsito da Galicia románica á Galicia oxival, da palabra harmónica escrita na nosa lingua ós austeiros escritos en romance castellano.

Unha época amarga que veu sobre o reino e por ende sobre Compostela. Os viciños padecen as guerras, fames e pestes que percorreron o século XIV. A presión recaudatoria dos señores e da igrexa acentuouse para afronta-la crise. O pobo quedou desvalido. A morte e a miseria inzaban e os campesiños famentos, os pobres e os peregrinos indixentes caían desfalecidos nas rúas da cidade e no templo. Tanta morte, non obstante, provocaría o trágico paradoxo de acabar mitigando a miseria para cantos sobrevivan nas portas da seguinte centuria, aberta asimesmo a revoltas como a Irmandiña, a loitas feudais ou contendas perdidas a prol da Beltranexa, a partir das que se iniciará a nosa represión histórica.

Compostela sufriu as crispadas e crueis circunstancias. E tales adversidades deron en apagar de vez os rescaldos da creación poética anterior para non deixar testemuño algún escrito intramuros.

A imprenta chegaría traída polo Cabido, mais chegaba tarde para recolle-la forza dos cancioneros e aínda favorece-la divulgación das traducións dos libros de cabaleirías ou, se acaso, a evolución cara a unha primeira narrativa galega, rematando por xogar decisivamente en favor do asentamento e difusión do romance castelán, que asemade se apoiaba nos elevados cargos eclesiásticos e en altos funcionarios designados polo Gobernador ou "Capitán General" e polo "Justicia Mayor del Reino" nomeados polos "Reyes Católicos".

A vida cultural era lábil na urba apostólica. A arquitectura era a única arte que seguía a enriquece-la cidade -ó tempo entre gótica e plateresca- co grande Hospital Real para os peregrinos, as remodelacións na basílica que iban dando prestancia e metamorfoseando sen pausa á capital de Galicia, que sería sede xa de institucións ó servicio do poder central: a "Capitanía General", a Real Audiencia e aínda o Tribunal da Inquisición coas súas mestas e temidas infraestructuras. No que afai ó enriquecemento intelectual e humanístico e necesario cita-la fundación por iniciativa Alonso III de Fonseca do Colexio Maior Santiago Alfeo ou de Fonseca, xérmolo do que viría se-la Universidade.

E había ser neste Colexio, que tanta sona acadou na vida universitaria dos s. XVI e XVII, cando nestes tempos de escuridade para a nosa lingua escrita refulxise coma o chispazo dun faro nas tebras, gracias á esa virtude tan escasamente practicada no país como é a conservación documental, un pequeno mangado de poemas galegos recollidos nun volume editado na imprenta que, baixo os soportais da rúa da Azabachería santiaguesa, tiña o non menos célebre, entre estudantes e escritores, don Antonio Frayz Piñeiro, da mellor estirpe deses impresores e libreiros que nunca faltaron en Compostela coma aquel Juan Pacheco que en 1612 tiraría do tórculo, na *Relación de las Exequias de la Reina Doña Margarita de Austria*-de Gomez Tonel, os dous únicos sonetos barrocos que coñecemos; ou aquel Rei Romero, liberal perseguido polo Santo Oficio que, tamén na Azabachería, abriría ben máis tarde un despacho de libros e imprenta mencionado polo viaxeiro inglés George Borrow, no seu libro *The Bible in Spain*.

Pertencen as composicións poéticas, como ben se sabe, ás premiadas en 1697 en "Las Fiestas Minervales", que se viñan celebrando coa maior solemnidade dende 1536,

dedicadas á inmortal memoria de don Alonso de Fonseca El Grande, fundador do colexio.

Pesía falarse o latín e o castellano nas cátedras e nos claustros e ó elitismo social dos colexiais percíbese en algunha das nove composicións -vestixio exiguo do noso poetizar barroco- unha notable gracia popular na expresión autóctona, fronte a outras de estilo máis cultista, grave e de certo distanciamento popular. En calquera caso a relación coa lingua coloquial galega era habitual na cotián relación social, pois as picardías e mesmo as golferías dos escolares respecto dos moradores da cidade era tan frecuente que había queixas a miudo porque a mocidade andase “de ronda, polas noites, con armas e guitarras e fosen ós campos e ríos onde as mulleres lavaban e enxugaban a roupa, xogasen dados ou naipes”. Relación e convivencia sociais que, en ocasións, podían chegar a extremos limitados polas Constitucións do Colexio, como cando se estableceu: “que ningún capelán, colexial ou familiar tivese manceba na cidade ou fóra dela, pública ou secretamente, sob pena de expulsión”.

A indicación de que fosen composicións en romance galego, as do segundo tema da convocatoria dese ano, non semella querer dicir que non se teña incluído ese requisito nalgunha das anteriores, se ben a súa infrecuencia pode quedar clara cando, precisamente, o poeta merecedor do primeiro premio é conscente desa marxinación inxusta e inicia o seu traballo dicindo:

“Xa que nos puxo o certamen
a porfía ou o problema
na nosa lingua esquecida,
nomáis por ser galega,
ledo agora hasta nomáis
porque lle coupese a ela
no ceu daquel gran escudo
tan siquer o ter estrela...” etc., etc.

Outro indicador dunha certa relación de membros deste colexio coa nosa lingua -manifesta nas poucas documentalizacións que se gardan- podería atoparse, con case oitenta anos de antelación, nunhas décimas ó apostol Santiago da autoría de Martín Torrado, colexial e, logo, Rector, que axiña darían en soar anónimas na voz do pobo santiagués: “Santo da barba dourada / vello honrado, meu patrón...”

A fisonomía da cidade, que se enriquecera co renacemento do Hospital de San Roque e a Igrexa da Compañía, experimentaría unha fonda conmoción urbanística

ademais de arquitectónica con novos cambios e a vistosidade dese outro estilo tan compostelano e galego que foi o barroco: a Torre do Reló, o baldaquino catedralicio e a fachada do Obradoiro, esa grande cacharela de pedra ardente nos solpores atlánticos...

O século das Luces comezou baixo o signo da guerra e na memoria do pobo quedaría gravado o afundimento, diante da armada inglesa, dos galeóns cheos de tesouros nas augas de Rande. Os veciños de Compostela permanecerían tamén deslumbrados por moitos anos a causa das cuantiosas riquezas que alí se calculaban ó apercibírese, só da cidade e comarca, medio milleiro de carros do país a fin de encamiñárense un mes antes cara a badía de Redondela para trasladalas á Corte. Cítase aquí este feito como un símbolo augural dos tempos: a riqueza que, na época precedente e nesta centuria, ía caracterizar ós sectores sociais máis significados, debido ás estruturas do poder civil e eclesiástico e a unha política económica e cultural allea -ou contraria- ós intereses do país, fuxiría do pobo ata sumilo nun subdesenrolo endémico e habería un grande quebranto, “un grave perxuicio para as estruturas materiais do país galego” como ten sinalado Meijide Pardo en 1970.

A cidade encheuse de volta de campesiños famentos, de pobres e vagamundos que sufrían unha grande mortandade. A psicose da guerra, as grandes levas, o medo ás invasións apoderouse do país. O aumento demográfico, con todo, non cede e a insuficiente produción provoca que os labregos abafados polos foros e os impostos e as xentes sen fortuna teñan de poñer en marcha o seu único -e tantas veces ilusorio- mecanismo pacífico de defensa: inicia-las grandes e empobrecedoras correntes migratorias desesperadas cara ó novo continente e mesmo cara ás capitais máis desenroladas da península ibérica.

Tal situación viría influir tamén, notablemente, no pensamento e no comportamento literario do personaxe máis popular das nosas cativas letras na desértica chaira inmensa que precede ó Rexurdimento. Nacido e formado en Compostela, don Diego de Zernadas y Castro, o cura de Fruime, viviu na austeridade campesiña a tres leguas da urbe, máis nunca perdeu o contacto coa sociedade do seu tempo e cos impresores, e a súa influencia foi grande. Reaccionou publicamente, unha e outra vez, contra ese inxusto antigaleguismo que, nacido da ignorancia, facía risa da desventurada situación de Galicia e os seus padecementos, da distinta fala e os humildes traballos e empregos dos emigrados galegos nas principais poboacións españolas, dentre as que se significou a "Villa y Corte".

A súa ética -sitúase nun sentimento galeguista nacente inserto na Ilustración, o movemento intelectualmente renovador que alumará todo o século dezaoitto e co que se inicia unha crecente, anque minoritaria, preocupación pola economía, a agricultura, a botánica e a lingua autóctona, é dicir, Galicia comeza a estar tenuemente presente no pensamento dos ilustrados galegos co seu ser diferenciado, unha percepción racional que, exacerbada despois pola visión emotiva do romanticismo, iría percorrendo etapas concienciadoras a través do Provincialismo e do Rexionalismo ata afirmalos alicerces do galeguismo histórico e do nacionalismo.

Unha compostelana de grande inxenio e donosura, irmá do P. Isla, dona María Francisca de Isla y Losada, a “musa compostelana”, será quen remate a parquedade literaria do dezaoitto escribindo con notable soltura versificadora unha serie de poemas en lingua galega que mandará destruír á súa morte. Consérvase só un romance que lle remitíu, precisamente, nun intercambio de poemas, ó cura de Fruime, vello amigo da familia, cando o bon crego andaba nos setenta e sete anos e ela, que enviudara o ano anterior, contaba trinta e tres.

Décimas, redondillas, romances octosílabos, coma os dos cegos que andaban a cantar por festas e romaxes sorprendendo con historias e sucedidos a atención das xentes, eran as estruturas formais máis socorridas nestas últimas épocas que encaraban xa ó século dezanove, no que a vida literaria compostelana se axilizará na dialéctica das diversas correntes do pensamento, sobre todo liberais, que trouxeron parello un feito esencial para a súa difusión ideolóxica e a súa conservación para historiografía: os xornais e as revistas.

Na alborada do renacer

Se ata entón, como noutras cidades e vilas, os despachos dos libeiros e as boticas eran centros de vello abolengo na difusión verbal de información e crítica social, será co nacer do século que Santiago, sen menoscabo daqueles mentideiros, se convirta na cuna do xornalismo galego co nacemento, a iniciativa do impresor Manuel María de Vila, o día 1 de maio de 1800 do *Catón Compostelano* que sucumbiría heroicamente ós poucos números.

A conmoción social que produciu a Guerra da Independencia e o devezo de información, facilitou a oportuna saída, en 1808, doutro diario que acadou grande éxito

con noticias das distintas accións armadas, era o *Diario de Santiago*, seguramente a cabeceira máis normal de cantas se publicarían na cidade no sucesivo que, en verdade, co decreto de liberdade de prensa e a extinción do "Tribunal del Santo Oficio", foron abondosas ata o punto de podermonos imaxinar, grosso modo, os altibaixos dunha breve gráfica seguindo datos do historiador Barreiro Fernández: 1800-1814=13 periódicos; 1820-1823=4 liberais; 1833-1868= 45 periódicos e revistas; 1868-1875=25 en liña ascendente ata despois da Restauración, inscritos nun arco ideolóxico que comprende a ultraconservadores, absolutistas, carlistas, liberais, republicanos, máis os festivos e satíricos. Ou aquel outro realmente insólito, *El Iris del Bello Sexo* (1841), dun tibio progresismo provincialista e certa frivolidade xuvenil, estudado por Tarrío Varela en 1990. Todos eles hoxe en día de contido fartamente pintoresco.

Entre tanta publicación tense de suliñar, dende a perspectiva deste bosquejo literario, a *Gaceta marcial y política de Santiago* dirixido polo voluntarioso Juan Bautista Camiña, o primeiro xornalista liberal compostelano, que xa tiña fundado *El Cartel*, e que dá entrada a textos en lingua galega coma a carta, inserta en 5 de febreiro de 1812, que se refire á abolición dos Señoríos e que quizais poida considerarse como o primeiro artigo xornalístico, en forma epistolar, escrito na nosa lingua e asinado por Ramón González Senra.

Entre os xornalistas-poetas desta época, o desventurado polemista e médico santiagués Juan Benito Fandiño aparece como o que podería ser un arquetipo do propagandista ideolóxico liberal que é perseguido asañadamente polos seus encarnizados adversarios nunha Compostela na que se suceden en alternancia radicais periodos de liberdade e de represión acordes coa ideoloxía no poder. E, precisamente, foi no cárcere onde escribiría a peña teatral *A Casamenteira* e algunhas poesías de ton popular, ademais das publicadas no *Diario Cívico-Patriótico* de Vereá Aguiar e noutros periódicos.

Nesa alternancia de días fastos e nefastos nos que transcorre a historia de Compostela, a lingua galega comeza a estar sequera simbólicamente presente nalgúns actos públicos, como cando a celebración da restauración constitucional de 1820 promovida, xubilosamente, polas xentes da cidade con ideas liberais e o xantar das tropas da guarnición, no Colexio San Clemente, no que se len varias composicións e unha décima en galego que ben me parece que poidera estar escrita por Juan Benito Fandiño, polo estilo e polo costume de poñer un circunfrexo na vocal seguinte ó equis. Noutras celebracións aparecen tamén copliñas galegas, probablemente para seren

cantadas na función, como a *Letrilla dos labradores ós rexios desposorios*, en 1829. Poesía, toda a deste período, de circunstancias, patriótica ou partidaria, prosaica ou popularista, xurdida en xeral de espíritus ilustrados ou de clérigos singulares.

Logo dun marcado letargo do xornalismo santiagués aparece, aínda que prolixo en números, en 1836 nada menos que o único periódico festivo, de diálogos satíricos, escrito en galego, *La Tertulia de Picaños* da autoría de Vicente Turnes del Río, o máis vedraño dos nosos precursores, que pesia ter perdido a vista na xuventude, como Lamas Carvajal, era entusiasta notario poético dos sucesos públicos, cívicos ou relixiosos, máis sobresaíntes no seu tempo.

Bótase de ver como a actividade intelectual en Compostela vai encauzando cara unha múltiple variedade de preocupacións nas que a presenza e mailo interese pola realidade de Galicia gaña terreo nos xornais e revistas ilustradas, que aparecen e desaparecen deixando sempre, anque breve ás veces, un risco luminoso e fuxidío na bóveda celeste do noso renacer. E igual ocorre nos claustros universitarios -aínda as serias depuracións políticas- e nas sociedades como a renacida "Real Sociedad Económica de Amigos del País", no seu Ateneo Popular, na "Sociedad Patriótica Progresista", na "Sociedad Arqueológica de Galicia" ou nas academias e o mesmo no resto de Galicia, onde ese espírito liberador do pensamento humano tenta de afirmarse.

Nestes finais da primeira metade do s. XIX, Compostela xa se convertira por razón de estudos ou de traballo nun foco de atracción e converxencia da xuventude galega intelectualmente máis valiosa. No medio da diversidade de ideoloxías e das correntes do pensamento que alí convivían axiña vai formándose, fundamentalmente no sector progresista e moderado, os alicerces do movemento provincialista.

Compostela xa non alentará só o talento dos seus fillos senón que, de cara ós tempos vindeiros, acollerá como propios á cantos creadores, estudiosos e devotos acuden ó seu seo para sentir de por vida o seu infruxo. Porque na medida en que, para os máis conscientes, Galicia comezaba a perfilarse coma un corpo unitario que debece por vivir, esa mesma ansia de ser leva implícita a existencia dun corazón impulsor e ese corazón será Compostela.

Por canto agora xornalismo, política e literatura estreitan máis os seus vencellos e deixan nas súas páxinas a pegada dos acontecementos e das ideas, son significativas deste momento histórico as publicacións que dirixiu Neira de Mosquera: *El Recreo Compostelano* (1842) no que colaborou un ano Antolín Faraldo de Malvar e que tiña

como máxima “Instruir deleitando”, péchase a causa da marcha de Neira atraído pola Corte.

En ocasións aparecían en periódicos españois alusións e algunha daquelas publicacións galegas. Neste senso, a referida a *El Recreo compostelano*, citada por Perez Constanti en 1905, recolle uns comentarios da revista madrileña *El Reflejo* que, efectivamente, son un claro reflexo da avidez absorvente do centralismo, a identificación reductora Madrid=España e o desprecio manifesto polo resto do estado e, xa que logo, por Galicia: “Una de las causas de la decadencia de España -afirma incomprensiblemente aquel medio de comunicación representativo do pensamento imperante na sede do poder central- es sin disputa el espíritu de provincialismo (semella unha alusión ó movemento) que impide que refluyan a la capital mil elementos de produccion que yacen esparcidos por toda ella, y que si se reuniesen en la Corte, darían grandes e inmensos resultados. Hay en nuestras provincias número infinito de periódicos literarios que están viendo la luz pública sin provecho para sus redactores y sin provecho para la generalidad del país. Ocurrénnos estas reflexiones al considerar las mejoras que tanto tipográficas como literarias acaban de introducir los editores del recreo Compostela, que se publica en Santiago bajo la dirección del aplicado joven D. Antonio Neira. A uno y a otros damos nuestro mas sincero elogio; mas sentimos de verdad que tan asiduos trabajos queden circunscritos a un rincón de la Monarquía”.

De retorno da súa estancia na Corte, fundaría Neira *El Eco de Galicia* (1851), “periódico de intereses materiales y de amena literatura”. E polo que afai á concienciación ideolóxica é de mentar *El Porvenir*, de Antolín Faraldo, Romero Ortíz e Xosé Rúa Figueroa, no que ademais colaboraban Francisco Añón, os Camino, Posada, Dominguez Izquierdo, era un verdadeiro voceiro e difusor, xunto coa Academia Literaria de Santiago e o periódico *El Idólatra de Galicia*, dun activo anarquismo literario, sinalado con simpatía por Ramón de la Sagra, e dos ideais do Provincialismo cos que se inicia o árduo e lento camiño da afirmación da nosa personalidade histórica.

Pois que contra ese concepto despectivo de un innominado “rincon de la Monarquía”, no que todo esforzo e mellora eran considerados inútiles e lesivos a Madrid, alzábanse aqueles xoves idealistas que pretendían “estimular los ánimos en favor del engrandecimiento del país gallego, reunir esos mil rayos de luz dispersos en este suelo, claro que nuestra literatura será viva -dicían con énfase-, apasionada, militante, una literatura de propaganda... Al deplorar la situación de Galicia la lira de *El*

Porvenir solo producirá acentos melancólicos i elegíacos; al lanzarnos en alas de la fé a la región de lo futuro, despedirá notas graves, creyentes i proféticas”.

E aquela xuventude sería derrotada e dispersada co fallido pronunciamento de 1846, mais non sería vencida, e algúns dos seus compoñentes entregáranse á súa vocación como periodistas e poetas, participando na vida cultural vindeira e destacando como precursores. No entanto novas xeracións preparábanse para colle-lo relevo con máis forza e o sentimento galeguista irá acentuándose e arraizando co devir histórico no federalismo e na formulación programática do rexionalismo de Brañas.

Culturalmente darredor do “Liceo de la Juventud”, fundado un ano despois da fracasada revolta galega de 1846, unha outra xuventude dábase cita alí e alí lia as súas obras primeiras e facía teatro e argallaba proxectos. Unha outra xuventude que se agrupaba con nova esperanza. Unha xuventude que empezaba a asumir-lo emprego da lingua galega con decisión e altura nos seus escritos literarios que viñeron representa-lo Rexurdimento das nosas Letras. Entre eles estaba Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal recién chegado a estudar coma outros dos concurrentes, Rosalía, Murguía, Neira, Rodríguez Seoane, Camino Sigüer...

É o tempo no que Aguirre, Pondal e Seoane argallan o sonado Banquete de Conxo de solidaria irmandade entre obreiros e estudantes. É o tempo no que un nutrido grupo de poetas participan dende os medios literarios santiagueses nos Xogos Florais de A Coruña e figurarán, logo, entre os corenta cultivadores da poesía galega incluídos no *Albúm de la Caridad*. A nosa lírica acadaba entón, nova forza e proxección universal con Rosalía Castro, que xunto con Pondal e Curros chegaría ás cotas poéticas dos cancioneros medievais, deixando tras de si unha revoeira creadora prendada e prendida no seu dicir.

Escribe Filgueira Valverde, coa elegante prosa dun estimado poeta perdido nos soutos da erudición, que daquela “xurde un núcleo de poetas popularistas, moi acaroados, á técnica dos *Cantares Gallegos*, que, mesturando decote os conceptos do enxebre e do popular, crean unha poesía apicarada, de inxenua retesía campesiña. Entre eles Lamas Carvajal, formado en Compostela, namorado da nosa cidade, e os composteláns Benitiño Lousada e Perez Ballesteros, acedo sabor paisán do noso rexurdimento.

Outro grupo compostelanísimo destes tempos é o do Ateno León XIII, abada de universitarios e estudiosos, berce do rexionalismo político, froito do tempo das veladas, dos Xogos Florais e das grandes revistas literarias.

A narrativa, por fin, ese outro brazo necesario para un bo equilibrio na balanza literaria ata aquela sen peso, nacía con dignidade a penas a unhas léguas da cidade, nos folletóns que estaba a publicar *La Ilustración Gallega y Asturiana* en 1880 baixo o título de *Maxina* e o talento dun universitario aristócrata, Marcial de Valladares, que alí residíu -un pouco ó xeito do cabaleiro militar do relato no que deixa entrever levemente á vida compostelana de fins de século- xa por “estar entre parentes acercados, xa porque o fino trato da aristocracia compostelá lle apracía, así é que de cote andaba entre condes e marqueses, frecuentaba os seus palacios, asistía a súas reunións, era socio dos seus círculos; mais non por eso desdeñaba de andar tamén entre a xente non titulada, nin concorrer ós Liceos dos artesáns e menestrais”. Tamén de signo realista e digna de consideración é outra novela, coa que remata a centuria, do clérigo compostelán tradicionalista Antonio López Ferreiro, *A tecedeira de Bonaval*, escrita en 1894, que formará parte dunha triloxía.

Compostela en todos estes anos fora perdendo as súas murallas, non xa aquelas iniciais levantadas por Cresconio e Sisnando, senón os posteriores muros perimetrais das ampliacións do XII e do XIII, tantas veces reparados ó acecho de perigos e temores. Agora era coma se a cidade tamén se fora abrindo ó mundo, á rexión do futuro que arelaban os xoves provincialistas. A participación cidadá era activa e sensible á situación de Galicia: a pouco de terse decretado a República federal nunha magna reunión popular nas Casas Consistoriais decidiuse crear un “centro de iniciativa para la nueva organización de Galicia” que non contaría co apoio da igrexa e enmudecería cando estaba para celebrarse un congreso rexional, non pasando todo de ser unha “brillante utopía”.

A urbe andaba a reverter do antigo trazado mural e a se ir fundindo cos barrios máis próximos: o dos Pitelos, onde estaban as modestas pousadas ás que acudían aqueles trouleiros escolares de Fonseca; seguindo pola Virxe da Cerca, o de San Pedro; os Basquiños e a Pastoriza; o da Senra. Diante da Porta Faxeira xa se estendían os Xardíns Románticos no cívico clasismo dos seus tres paseos. Reestruturárase a carballeira de Santa Susana. Instálase o alumbrado de farois de gas no canto dos de aceite, na Alameda e nas rúas da cidade, precursores inmediatos da electrificación a cargo da "Sociedad de Gas y Electricidad" de Santiago, ubicada nos campos de Ramírez antes do cruceiro que cantara Rosalía. As compañías de comedias seguían a visita-la cidade conforme a unha antiga tradición festiva e cultural.

O camiño da nosa literatura, ó igual que o viero da conciencia da nosa identidade franqueárase cara ó porvir, mais ó contrario do que no pensamento político, a lírica finisecular alóngase nunha esvaída decadencia costumista e nun infecundo manierismo de escasas excepcións.

Nas Américas, no entanto, unha Galicia do Alén Mar estendíase por Cuba, Arxentina, Brasil, Uruguay. Constitúense as primeiras sociedades galegas (A "Asociación de Beneficencia de Naturales de Galicia", na Habana; O poderosísimo "Centro Gallego" tamén na Habana, que propiciaría a fundación desta Real Academia; o "Centro Gallego de Buenos Aires") que tanta significación chegarían a ter non só para a propia vida de relación social nas colonias galegas alá establecidas e a fin de conservar lingua e identidade, editar prensa informativa, senón tamén pola súa contribución -creadora e se acaso económica- ó desenvolvemento cultural, e por ende político, da vella patria nos tempos máis duros.

Na afirmación político-cultural

Unha figura emblemática desta época e destes dous mundos que viviu en Compostela, cando seminarista en San Martiño e que de quince anos, pouco antes de abandona-los estudos eclesiásticos, se tería conmovido, quizais, diante do solemne e fúnebre cortexo do traslado dos restos mortais de Rosalía ó Pantón de Galegos Ilustres en Bonaval, foi Ramón Cabanillas. A súa obra tardía acusa nos inicios os avatares sociais e os cambios estéticos que nacen coa centuria e que non foron detectados na obra de Noriega e Crecente Vega na que persiste un xeito do costumismo realista decimonónico. Na súa obra queda reflexado un ton cívico irado e a estética modernista que se irá completando e enriquecendo na súa dilatada obra.

O ser e o sentir da galegitude vai tomando consistencia nas formulacións políticas autóctonas do nacionalismo e paralelamente nun enriquecemento interdisciplinar e cultural. Dunha banda, a política autonomista avanza cara o Estatuto. Doutra, a lingua e o saber imbricadas no nacionalismo político espállanse activamente polas Irmandades da Fala e o seu periódico *A Nosa Terra*, promovidas por Antón Vilar Ponte que actúan e se difunden por toda Galicia: López Abente, Taibo, Rei Soto, os Villar Ponte, os Carré, Viqueira, Lesta Meis...

As novas dimensións culturais van ser asumidas polos integrantes do Grupo Nós: Risco, Otero, Cuevillas, Castelao. É dicir por aquel grupo granado de intelectuais vencellados a editorial creada por Anxel Casal, alcalde galeguista de Compostela a finais da República, que lembro emocionadamente coas palabras que dan comenzo á preciosa biografía escrita por Fernández del Riego: “á beira dun camiño que leva ó lugar de Cacheiras -non lonxe de Santiago- lle deron alevosa morte a un home bó e xeneroso”. O recordo ós mártires é sempre coma unha oración.

As Irmandades, Nós, despois, o prestixioso e nutrido grupo do Seminario de Estudos Galegos en 1923, convertíriáanse nas grandes pedrafitas dun longo e esgrevio vreiro histórico, dun remoto camiñar dende a orixe de nós mesmos cara á normalización da nosa cultura.

Estabamos xa ante as vangardas literarias, símbolo inequívoco da liberdade creadora dos pobos, un sin número de revistas pregoaban as distintas correntes: vangardismo, futurismo, dadaísmo, cubismo, superrealismo, creacionismo, ultraísmo, neotrovadorismo... Diante do manifesto *¡Máis alá!*, incorporado na edición da insuperable obra completa elaborada por García Sabell, redactado por Manoel Antonio, se cadra cando residía na compostela Poza de Bar, e asumido polo debuxante Cebreiro.

Un manifesto que, no seu anarquismo literario e no seu exaltado devezado anovador, pode se acaso lembrarnos aquel outro tan distinto de Antolín Faraldo. Era unha proposta enardecida de ruptura coa tradición e a conexión co universalismo dende a cultura recreada baixo un concepto iconoclasta da liberdade. Un fenómeno, sen embargo, de madurez e de independencia -contemplado obxetivamente-, de pura creatividade á marxe de condicionamentos históricos; un feito singular que adoita producirse normalmente nas literaturas xa desenvolvidas.

Eis por que remata aquí este memorial de días escritos na silente cidade das orixes...

Mais, de volta, Galicia veríase sumida no loito e no silencio. Na cruenta destrucción da esperanza. E Compostela a penas máis nada sería que un espazo baleiro para a melancolía e a lembranza. Por anos e anos foi así, ata que a palabra paciente e sabia, dita con humildade, soubo devolvernol nosos e a nosa historia verdadeira.

Dixen.

RESPOSTA
DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
CARLOS CASARES MOURIÑO

Señores académicos:

O home que chega hoxe á nosa corporación é un home consagrado á poesía, xénero que non estaba representado na Academia desde o pasamento de Eduardo Moreiras, o último dos vates que moraron entre nós. Unha carencia de tal natureza tiña que ser resolta canto antes, pois non parecía normal que unha entidade destinada a velar pola lingua do país non contara entre os seus membros con ningún poeta, eses escritores que precisamente viven en contacto permanente coa parte máis escura e recóndita da linguaxe. Por eso se utilizou unha das primeiras vacantes para propoñer o nome de Salvador García-Bodaño, unha das figuras máis destacadas da primeira promoción de escritores que xa non coñeceron a guerra.

Aquí o temos xa. Todos podeades certificar sobre os seus méritos literarios, que coñecedes ben e que foron os que vos levaron a exilio para ocupar un sillón nesta Academia: son tantos que non cómpre salientalos neste momento. Quixera, sen embargo, que o meu testemuño servira para facer, en primeiro lugar, o debuxo humano do novo académico, menos coñecido que o literario, dada a discreción con que ten discurrido ata agora a súa vida. En todo escritor hai sempre unha dobre faceta, a que corresponde á súa actividade puramente estética, que se pode atopar na obra escrita, e a que se refire á súa personalidade, xeralmente oculta ós seus lectores, pero que é a base e o sustento da anterior, un dato que a crítica literaria se empeña en esquecer desde hai anos.

Hai xa bastante tempo, cando eu era estudante primeirizo na universidade de Santiago, un día cheguei á casa deste home, alá na rúa da Caldereiría, levado pola man amiga dun compañeiro. Antes fora informado de que se trataba dun xove poeta, lector fervoroso de Pedro Salinas e outros escritores da Xeración do 27, galardonado en varias ocasións nas Festas Minervais e autor dun libro inédito que pronto ía ser publicado. Nada máis chegar souben íntimamente que alí tiña un amigo e que aquela casa ía ser tamén a miña, tal era o grao de cordialidade que se desprendía das palabras e a actitude do anfitrión.

Efectivamente, na casa de Salvador García-Bodaño transcurriu unha parte sustancial da vida dun pequeno grupo de estudantes, case todos afeccionados á literatura, que faciamos alí tertulia todas as tardes. El, lixeiramente maior ca nós, presidía as reunións, nas que se falaba de poesía, se recitaban poemas alleos e propios e

se discutía de política. Recordo como asiduos a Arcadio López-Casanova, e Xavier Carro, ambos convertidos posteriormente en escritores destacados, a Xusto García-Quirós e Díez, a Pepe Docanto Fanego e a Xosé Luís Fontenla; como visitantes ocasionais teño na memoria os nomes de Bernardino Graña, Alexandre Criebeiro e Xosé Luís Rodríguez Pardo, entre outros.

Ó pouco de chegar a aquela casa, de seguida me decatei tamén de que Salvador García-Bodaño padecía dun mal que nalgún momento da súa vida afecta a todo escritor responsable. Estaba dominado por un agudo sentido autocrítico, que se ben podía ser beneficioso para a súa obra desde o punto de vista da construción e a perfección formal, non o era en cambio na medida en que tiña uns efectos paralizantes. Por esta razón, pasaban os anos e o tantas veces anunciado libro de versos de Salvador García-Bodaño seguía inédito, sometido a unha intensa corrección constante que ameazaba con converterse nunha especie de enfermidade crónica do poeta.

Foi nunha daquelas reunións, cando Xavier Carro e mais eu, alleccionados por Ramón Piñeiro, convencimos ó poeta inédito da necesidade de reunir a obra desperdigada por carpetas e caixóns e facer con ela un libro de poemas. Durante varias tardes e noites, arredor da mesa do comedor, os tres fomos lendo e seleccionando, ordeando e estruturando todo aquel material disperso ata convertilo nun poemario orixinal e coherente. O traballo non foi nada complicado, pois a construción e a cohesión internas estaba perfectamente deseñadas desde o punto de vista estilístico. Así naceu o primeiro libro de Salvador García-Bodaño, titulado *Ao pé de cada hora*, que o había revelar como un dos poetas máis valiosos da súa xeración.

Naquel libro estaban xa as características que máis tarde definirían a personalidade do autor e a súa posterior proxección literaria. En primeiro lugar, un sentimento patriótico de clara raíz ética, sen o cal sería incomprendible a poesía deste autor. Despois, a temática amorosa, que faría de Salvador García-Bodaño un dos máis altos cultivadores do xénero nas letras galegas do século XX. En ámbolos dous casos, o amor, é dicir, o amor patriótico e o amor feminino. Excuso engadir, polo tanto, que a poesía de García-Bodaño transcurre nos matos solitarios da súa intimidade, nese espacio recóndito onde se elabora a poesía que trascende o seu propio tempo.

Polo que respecta ó amor á terra, esa é temática da primeira parte do seu libro. O poema titulado “Galicia”, co cal se abre o poemario, convertido en canción, aniñou en miles e miles de corazóns galegos na década dos anos sesenta, cando a música pasou a ser un canto solidario entre todos cantos querían unha Galicia democrática, dona da súa

lingua e dos seus destinos. O poeta, dominado polo pesimismo daquela hora amarga, nunca imbuído do optimismo falso que predicaba unha certa concepción da arte vixente naqueles anos, dicía no poema que en Galicia “todo está por vir e non chega” e remataba cunha pregunta que deixaba en forma de interrogante o cándo da Galicia que el chamaba a Galicia verdadeira.

Dominados polo mesmo amor estaban os poemas dedicados a ilustres figuras da historia de Galicia, tales como Alexandre Bóveda, Rosalía de Castro, Luís Pimentel, Ramón Cabanillas e Carlos Maside. Concebidos como oracións polos seus nomes, estas composicións poéticas eran un canto de admiración e de solidariedade a eses fillos ilustres, convertidos no verso en símbolos exemplares para o seu pobo. Para facelo, Salvador-García Bodaño non renunciaba, ademais, á poesía, como xa dixemos antes, senón que se servía precisamente da súa profundidade lírica para afinar máis fondos os mastros que sostiñan eses símbolos.

Neste procedemento descansa, sen dúbida, un dos maiores méritos do novo académico. O amor pola súa terra non o levou nunca a facer unha poesía meramente instrumental, como se o poema fose un pretexto para difundir un discurso ideolóxico, senón que o dirixiu cara a única dirección que pode tomar un poeta. Consciente de que na literatura os temas son esteticamente neutros, Salvador García Bodaño tratou esta parte do seu libro co mesmo coidado lirismo que poría na elaboración dos seus poemas amorosos. Quizais por proceder ambos sentementos dunha mesma raíz, non cabía tratalos de maneira diferente, de aí a unidade estilística que ten toda a obra deste poeta.

Polo que respecta á segunda parte do primeiro libro, a que está dedicada ó amor propiamente dito, xa dixemos que poucos poetas galegos deste século terán chegado tan adentro nesta difícil temática como chegou Salvador García-Bodaño. A clave, nesta ocasión, está na orixinalidade do planteamento, pois o autor procura alonxarse da historia literaria tradicional, como no seu día fixera tamén Pedro Salinas, dispoñendo uns recursos de tipo formal pouco convencionais, incluso na parte musical, e arbitrando unha linguaxe plena de metáforas sorprendentes e recursos literarios pouco comúns. En boa parte, a sorpresa que causa a poesía amorosa de Salvador García-Bodaño procede da súa vontade de crear unha obra orixinal.

Naturalmente, toda orixinalidade está sempre marcada de xeito inevitable pola historia literaria. Resulta imposible escribir poesía amorosa “ex-novo”, pero nada impide, sen embargo, buscar a tradición menos coñecida, aquela que aínda nos pode sorprender. Seguir as fontes clásicas que arrincan coa perfección insuperable dos

sonetos de Garcilaso ou de Quevedo, por exemplo, supón aceptar xa esa limitación desde o principio. Agora ben, situarse na liña dalgunhas das correntes menos caudalosas das moitas que saíron do simbolismo, significa apostar por un espacio no que aínda caben moitas cousas. Nese campo é posible dicir palabras novas mesmo sobre o amor, esa forza tantas veces desinflada e convertida en tópico valeiro e sen contido.

Pero se Salvador García-Bodaño é un poeta do amor e o obxecto da súa atención foron en primeiro lugar Galicia e a muller, nun segundo paso vai sumar a estes dous, un terceiro: o da súa amada cidade de Compostela. Efectivamente, no ano 1979 publica un novo libro de versos, *Tempos de Compostela*, que nunha versión de luxo, en exemplar único, o Concello de Santiago tivo o acerto de ofrecerllo como agasallo da cidade ó Papa Xoan Paulo II, con motivo da visita que este fixo a Compostela. Neste xesto está quizais encerrado todo o sentido desta obra. Poucas das moitísimas que ten inspirado a cidade do Apóstolo representaría dun xeito máis certo o seu espírito.

Neste libro está a urbe apostólica en pleno. Cun alento entre lírico e épico absolutamente novos na literatura dedicada a esta cidade, Salvador García-Bodaño vai desvelando verso a verso, case de xeito imperceptible, a alma compostelá. Para eso válese o mesmo do canto ás pedras e ós monumentos, que das persoas, como sucede no brillantísimo poema dedicado a un dos seus habitantes ilustres, Fermín Penzol Lavandera. O tono épico resérvase para a exaltación dos grandes feitos, pero por entremedias deles, aproveitando ocos e vans, corre un fío de auga de limpo sabor lírico que vivifica o conxunto do libre e o convirte nun froito potente e vizoso.

Pero se Salvador García-Bodaño é ante todo un poeta, eso non impide que de cando en vez se aplique tamén a construír fermosos libros en prosa. Recentemente, publicou unha colección de relatos baixo o título de *Os misterios de Monsieur D'Allier*, unha obra que, unha vez máis, ten a maxia compostelá como fondo, se ben, desta vez non é o Santiago dos nomes ilustres, nin o Santiago monumental o que reclama a atención do poeta, senón a cidade dos taberneiros, dos amantes da noite, das monxas, dos espectros ou dos alquimistas. Naturalmente, a un enamorado de Compostela non se lle podía escapar o encanto desa outra parte da vila, poboada por seres anónimos e descoñecidos, depositarios orgullosos da honra de ter nacido nun dos lugares máis fermosos do orbe.

Ademais desa atención ós habitantes menos coñecidos da cidade, Salvador García-Bodaño indaga no seu libro nos misterios de Compostela, un conxunto de feitos maravilhosos que acaban por cautivar, cando non o amedrentan, a Monsieur D'Allier, un

francés de Auvergne, que levara a cabo a peregrinación en nome do seu párroco, tan velliño que non se podía desprazar para cumprir cunha promesa que fixera nun momento de arrebatado e de fervor. Este Monsieur D'Allier, hospedado nunha pousada da Rúa da Algalia, irá anotando nun caderno todos os acontecementos fantásticos dos que fora testigo durante a súa estancia na cidade do Apóstolo.

Finalmente, o amor a Compostela de Salvador-García Bodaño aparece, como vimos de ver, no tema que elixiu para o seu discurso de ingreso na nosa corporación. Nel apréciase unha terceira faceta do novo académico, a de estudioso das nosas letras, especialmente da poesía galega. Nun libro aínda inédito, Bodaño ten elaborado o estudio quizais máis completo de cantos se levan feito ata agora sobre a poesía galega da súa xeración, na que abundan nomes que con toda seguridade a estas horas serán evocados pola súa memoria, algúns deles xa desaparecidos, e os espíritos dos cales de algún xeito ingresa hoxe con el na Academia.

No seu discurso, como acabades de escoitar, hai unha vontade clara de exaltar unha vez máis á súa cidade. Así ocorre no relato que nos fai dos tempos medievais, salpicado de emoción lírica, no que o poeta varre lexitimamente “pro domo sua” valéndose dese condicional hipotético que lle permite reconstruír por vía poética os escuros comenzos da nosa lírica trovadoresca. Outro tanto se pode dicir dos párrafos que dedica ós séculos escuros, nos que evoca con emoción aquela imprenta de don Antonio Frayz Piñeiro, na Azabachería, ou a librería de Rei Domero, da que dá conta Borrow no seu coñecido libro sobre a Biblia en España, que precisamente Salvador García-Bodaño traduciu ó galego e que pronto verá a luz como libro impreso.

Pero se o compostelanismo do novo académico se refrexa nesa parte do seu discurso, outro tanto se pode dicir das páxinas que dedica á épocas posteriores, de maneira especial cando reconstrúe a vida política e cultural de Santiago no século XIX. Aí atopa el dous dos seus grandes temas, a exaltación patriótica e a paixón amorosa dos románticos. Non é raro, xa que logo, que se demore no estudio desa época. Tampouco resulta raro, finalmente, que dunha estancia compostelana de Manuel Antonio, que residiu algún tempo na Poza de Bar, García-Bodaño xogue coa conxectura de que o manifesto *Máis alá* puidese estar redactado en Compostela.

Os poetas teñen ese poder evocador que ninguén se atreve a discutirilles. Eu, desde logo, non o faría, en parte porque non sería xusto nin delicado, sen ter ademais argumentos en contra, poñerlle chatas á moza dun namorado. A relación deste home que vedes aquí coa súa cidade é a dos apaixonados. Ó traelo hoxe cabo de nós, non só

admitimos na Real Academia Galega a un poeta de recoñecido talento, moitas veces galardonado, senón que con el entra tamén na nosa casa a súa nAmorada, Compostela, a cidade que lle ten inspirado practicamente a totalidade da súa obra literaria.

Carlos Casares.
A Coruña, 25.11.92

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON SALVADOR GARCÍA-BODAÑO.....	9
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON CARLOS CASARES MOURIÑO.....	33

